



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tlf: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



Pontevedra 11 de maio de 2022

O C.E.I.P. **Vilaverde-Mourente** celebrará o sábado **día 21 de maio de 2022, a partires das 10:45 da mañá o XXVI CROSS ESCOLAR.**

Está organizado pola ANPA, o equipo directivo e o profesorado do CEIP Vilaverde – Mourente.

As ANPA de centros escolares públicos e os centros escolares públicos do Concello de Pontevedra que desexen participar, serán colaboradores para facilitar e centralizar as inscricións de escolares dos seus centros.

A proba está patrocinada pola ANPA "Os Valados", CEIP Vilaverde, Concello de Pontevedra, Panadería Acuña e Supermercados Froiz.

O cross recorrerá as rúas adxacentes ao centro escolar: rúas Valdecorvos e Vilaverde.

Para o desenrolo das probas contarase coa colaboración da policía local e protección civil do Concello de Pontevedra e da Asemblea Comarcal da Cruz Vermella en Pontevedra, as que agradecemos por adiantado a súa colaboración.

#### **NORMAS:**

1. A inscrición é gratuíta.
2. Os dorsais serán entregados o día da proba nos postos habilitados no propio centro, antes das celebracións das probas.
3. Todos os participantes deberán estar no CEIP Vilaverde a lo menos trinta (30) minutos antes da hora programada para a súa proba, e en todo caso na hora indicada de convocatoria deberá estar na área de concentración co dorsal e listo para a participación.
4. A proba está aberta á participación de todos os alumnos e alumnas de educación infantil e primaria dos centros escolares públicos do Concello de Pontevedra. Non se admitirán participantes de centros privados, concertados ou non radicados no Concello de Pontevedra.
5. A inscrición se realizará:
  - a través dos centros e ANPAs colaboradores ou no correo [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) ata o día anterior á proba.
  - No formulario online
  - No propio centro escolar ata momentos antes do comezo das probas.
6. Haberá probas para os nenos e nenas de Educación Infantil (3,4 e 5 anos) e para as categorías 1º e 2º de primaria, 3º e 4º de primaria e 5º e 6º de primaria. Tamén para os primeiros cursos



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tif: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



da ESO (1º e 2º da ESO, nados en 2008, 2009) e para os pais e nais dos alumnos. A organización resérvase a facultade de cancelar ou agrupar aquelas probas con menos de 10 persoas inscritas.

7. Cada participante recibirá un bocadillo e unha auga (ata agotar existencias)
8. A ANPA doará ao banco de alimentos a cantidade de 1,5€ por cada participante real, ata un límite total de 600€
9. Os nenos poderán vir acompañados por persoal do seu colexio, responsables da ANPA ou ben individualmente cos seus pais. Todo menor de idade deberá estar acompañado en todo momento por un adulto responsable. En todo momento deberanse cumprir as normas do centro aprobadas polo Consello Escolar.
10. Os participantes de todas as categorías se concentrarán no centro escolar, e serán acompañados á zona de saída correspondente por persoal da organización. Non estará permitido acceder directamente a zona de saída.
11. Nas rúas polas que discorrerá a proba estará prohibido o estacionamento. As rúas Valdecorvos e Vilaverde, estarán cortadas ao tráfico durante toda a duración da proba.
12. Para as persoas que se acerquen con vehículo, **recoméndase o estacionamento na Avenida de Lugo e na zona da urbanización de Valdecorvos**, xa que o acceso ao centro estará pechado para vehículos dende antes do comezo das probas.
13. A organización non se fai responsable das lesións propias ou dos danos a outras persoas ou cousas que os participantes puideran ter ou causar antes, durante ou despois da competición.
14. E obrigatorio a inscrición e levar o dorsal ben visible na parte dianteira do torso durante toda a celebración da proba.
15. Os participantes que non se presenten no lugar designado para a organización da saída cando sexan chamados, perderán o dereito a participar na proba.
16. A organización poderá cambiar o horario, distancia ou percorrido de calquera proba ou incluso proceder á súa cancelación.
17. Calquera participante que non atenda ás indicacións da organización, reciba axuda externa, prexudique ou agreda a outro participante ou non siga o recorrido establecido será descalificado.
18. Os participantes que non acudan a recoller a medalla, trofeo ou diploma que lle corresponda no momento que sexa chamado, perderá o dereito a recibilo.
19. Calquera actitude de falta de respecto o discriminación por motivo de sexo, orixe racial ou étnico, relixión, discapacidade, ou similar dun participante ou persoa responsable a outra persoa será castigado coa expulsión da proba.
20. Os participantes e os seus responsables, aceptan que durante o desenvolvemento da proba, a entrega de diplomas ou trofeos, ou os momentos posteriores ou anteriores ás probas, se



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tlf: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



tomen imaxes, vídeo e son; e que estas podan utilizarse nos diferentes sitios webs, publicacións, ou calquera outro medio gráfico da organización, para a promoción ou difusión da proba. O nome e apelidos, idade e centro escolar dos participantes poderán ser publicados nos medios anteriormente mencionados e difundidos ós medios de comunicación. Os participantes poderán exercer os seus dereitos dos datos facilitados, nos termos e condicións previstos na LOPD e RXPD, mediante unha comunicación por escrito dirixida á ANPA á dirección indicada no encabezamento.

21. Calquera dúbida, reclamación, sanción, interpretación destas normas ou calquera situación non recollida nestas normas, será resolta por un comité formado por un representante da ANPA "Os Valados" e un membro designado pola dirección do CEIP Vilaverde. A súa decisión será inapelable.
22. Os participantes aceptan estas normas polo feito de inscribirse e participar na proba.

#### **CATEGORIAS, DISTANCIAS, PERCORRIDOS E PLANIFICACIÓN DAS PROBAS**

As categorías, distancias a percorrer, orde das carreiras e horarios aproximados serán os seguintes:



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
 Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
 Tlf: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
 Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
 Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)




Concello  
de Pontevedra



Categoría		Distancia	Hora saída proba	Hora límite concentración
<b>3º, 4º Primaria</b>	Masculino	500m	<b>11:00</b>	10:50
<b>3º, 4º Primaria</b>	Feminino	500m	<b>11:05</b>	10:50
<b>5º, 6º Primaria</b>	Masculino	700m	<b>11:10</b>	10:50
<b>5º, 6º Primaria</b>	Feminino	700m	<b>11:15</b>	10:50
<b>1º, 2º ESO</b>	Nacidos en 2009, 2008	700m	<b>11:20</b>	10:50
<b>1º, 2º Primaria</b>	Masculino	250m	<b>11:30</b>	11:20
<b>1º, 2º Primaria</b>	Feminino	250m	<b>11:35</b>	11:20
<b>Ed. Infantil 3 anos</b>	(4º ed. infantil)	150m	<b>11:50</b>	11:45
<b>Ed. Infantil 4 anos</b>	(5º ed. infantil)	150m	<b>12:00</b>	11:55
<b>Ed. Infantil 5 anos</b>	(6º ed. infantil)	150m	<b>12:10</b>	12:05
<b>Pais e avós</b>		250m	<b>12:20</b>	12:15
<b>Nais e avoas</b>		250m	<b>12:30</b>	12:25



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tlf: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



A directiva da ANPA "Os Valados"

Equipo directivo e profesorado do CEIP Vilaverde - Mourente